

BASES DA CONVOCATORIA DO XV CERTAME DE POESÍA “CONCELLO DE MUGARDOS” 21 DE MARZO-DÍA DA POESÍA.

O Concello de Mugardos, a través da Biblioteca Pública Municipal, convoca a décimo quinta edición do Certame de Poesía “*Concello de Mugardos*”, co galo do Día da Poesía, o 21 de marzo.

BASES

PRIMEIRA:

Establécense tres categorías nas que o xurado designará un/unha gañador/a por categoría:

- ata 12 anos
- de 13 a 17 anos
- iguais ou maiores de 18 anos.

Cada concursante poderá presentar unha única poesía, que se axustará ás seguintes normas:

TEMA: Libre.

LINGUA: Galego

FORMA E EXTENSIÓN: DIN A4 por unha cara (extensión máxima), mecanografada a dobre espazo, corpo de letra 14 e encabezada polo título.

As poesías terán que ser orixinais, inéditas e non premiadas en calquera outro tipo de concurso.

SEGUNDA:

Achegaranse dúas copias sen asinar dentro dun sobre pechado que especificará no exterior o pseudónimo elixido polo/a autor/a, a categoría na que concursa e o nome do certame. Dentro deste sobre incluírse outro sobre pechado, co pseudónimo no exterior, que conterá fotocopia do documento de identidade, no seu defecto do libro de familia, e unha cuartilla co nome, apelidos, idade, enderezo completo e teléfono do/a autor/a.

TERCEIRA:

O prazo de entrega das poesías será de vinte (20) días hábiles contados dende o día seguinte á publicación da convocatoria. Presentaranse no rexistro de entrada do Concello de Mugardos ou enviaranse mediante correo certificado ao seguinte enderezo: XV CERTAME DE POESÍA CONCELLO DE MUGARDOS, Concellaría de Cultura do Concello de Mugardos, avda. de Galicia, núm. 45. (15620) Mugardos (A Coruña), segundo establece a Lei de Réxime Xurídico do Procedemento Administrativo Común no Art. 38.4.

CUARTA:

Unha vez reunidos os membros do xurado para facer a oportuna valoración, resultará gañadora aquela poesía que, a criterio do xurado, sexa merecedora do primeiro premio, podendo facer ademais Mención Especial dalgunha outra ou decláralo deserto se o considera oportuno.

O xurado estará integrado, entre outras persoas e de ser posible, pola persoa gañadora da edición anterior deste Certame na categoría de maiores de 18 anos, non podendo deste xeito participar na presente edición.

QUINTA:

O premio consistirá nun bono para mercar libros:

- por valor de 100 €, para a categoría de iguais ou maiores de 18 anos
- por valor de 60€, para a categoría de 13 a 17 anos, ambos inclusive
- por valor de 40€, para a categoría de ata 12 anos, inclusive.

SEXTA:

O nome do/a gañador/a farase público o 21 de marzo (Día mundial da poesía), tendo lugar o acto de entrega de premios na data en que se comunique.

SÉTIMA:

As poesías que resulten premiadas quedarán no poder do Concello de Mugardos e pasarán a formar parte do patrimonio cultural deste, podendo cederlle ao premiado/a o uso e reprodución.

OITAVA:

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases.

Mugardos, 2022

Asinado dixitalmente pola concelleira delegada de Educación, Cultura, Turismo, Mocidade e Deportes Begoña Roldós Iglesias (R.A. 1110/2020 de 17.12/2020).